

CUESTIONARIO FEDRO TEXTO

1. Nesta pasaxe de *Fedro* aparecen recollidas varias teorías platónicas relacionadas coa súa doutrina da alma. Empecemos polo *Mito do carro alado*. ¿Que simboliza o auriga?, ¿que representa cada un dos cabalos?, ¿como describe Platón estas partes que integran o *carro alado*?, ¿que funcións ou actividades levan a cabo? Falando do *carro alado*: ¿cal é ese *ceo* ou *lugar supraceleste* que recorre?, ¿a que aluden expresións como *perda das alas* ou *agárrase a algo sólido*?, ¿quen e que provoca o feito de que a alma *perde as alas e cae a terra*? Xustifica as respostas e aporta as citas necesarias.
2. Indica a parte do texto na que se fai referencia á teoría da metempsícosis. ¿Que teses acerca da alma recolle esta doutrina?, ¿que visión da alma está presente nesta teoría?, ¿cal é o destino das almas unha vez que o corpo morre?, ¿de que depende que a nosa alma re-encarne nun ou noutro tipo de corpo? Argumenta as respostas e incorpora as citas pertinentes.
3. No texto fálase tamén da teoría da anámnesis. ¿Que dí esta teoría platónica?, ¿que concepción da alma defende esta doutrina?, ¿a que se refire o texto cando dí *o que veu, noutro tempo, a nosa alma*?, ¿a que tempo e a que lugar está a referirse Platón?, ¿que clase de *ver* é ese, quen ve e que ve?, ¿con que parte e con que función da alma se relacionaría ese *ver*?, ¿por que, ao falar desta teoría, Platón menciona explicitamente ao filósofo?, ¿que ten que ver o filosofar coa anámnesis? Razona as respostas.